

Historia da nosa participación nas paralympicadas PARALIMPICOS GALEGOS



Recén constituída a Federación Galega de Deportes para Minusválidos Físicos, na primeira cita paralímpica (**Seúl'88**), xa tivemos representación dos nosos deportistas. Pese a que o seu equipo, Amfip de Vigo, non estaba na máxima categoría, o seleccionador nacional fixouse en **Pablo Beiro Diz**, que tiña unha boa boneca e non llo pensaba á hora dos triplos. España quedou clasificada en 12º lugar e contaba con xogadores da categoría de Antonio Henares e Salvador Zurita.



En **Barcelona'92** volvemos contar cun deportista na selección nacional de Baloncesto, esta vez a feminina: **María Dores Sanda** (ADM Ferrol). A experiencia en baloncesto feminino en cadeira de rodas en España era moi pouca, e poucas eran as mozas que practicaban esta modalidade; por iso perdéronse todos os encontros, quedando nun 8º posto final, pero foi unha primeira pedra que había que poñer.

En natación tiñamos seleccionado a **Pablo Saavedra**, do Club Natación Budo de Pontevedra, que contribuíu ao pase á final do equipo español de 4x100 libres, que se quedou ás portas da medalla de bronce.



Pablo Saavedra Reinaldo	Club Natación Budo (Pontevedra)			
<i>Proba</i>	<i>Rolda</i>	<i>Clase</i>	<i>Posto</i>	<i>Marca</i>
100 bolboreta	1º ronda	S10	5	1:13.57
50 libres	1º ronda	S10	4	28.75
100 libres	1º ronda	S10	6	1:04.26
4x100 libres	FINAL	S7-S10	4	4:23.62

En tenis de mesa participaron **Indalecio Iglesias** e **José Abelairas**, do Club do Mar de Coruña. Abelairas non pasou da 1ª rolda, perdendo os 2 encontros do seu grupo, mentres que Indalecio pasou á rólada final, caendo en oitavos.

Group C

Rank	Athlete(s)	MP	W	L	Points	SWE	IRL	ESP
1	Vestling, Mikael	SWE	2	2	0	4:0	x	2:0
2	Kelly, Patrick	IRL	2	1	1	2:2	0:2	x
3	Abelairas, Jose	ESP	2	0	2	0:4	0:2	0:2

Group H

Rank	Athlete(s)	MP	W	L	Points	KOR	ESP	BEL	GBR
1	Kim, Kwang Jin	KOR	3	3	0	6:1	x	2:1	2:0
2	Iglesias, Indalecio	ESP	3	1	2	4:4	1:2	x	1:2
3	Vergeylen, Nico	BEL	3	1	2	3:5	0:2	2:1	x
4	Young, David	GBR	3	1	2	2:5	0:2	0:2	2:1

A gran alegría veu en Atletismo da man de **José Manuel Abal** (ADM Morrazo), que participaba na proba de Pentatlón. Logrou a medalla de prata, o primeiro metal dos paralímpicos galegos. A imaxe de Abal no podio aclamado por miles de espectadores quedará sempre na nosa historia como un gran fito.



Barcelona 92 – Atletismo - Pentatlón PW3-4			
OURO	Vojtech Vasicek	TCH	4345
PRATA	José Abal	ESP	4339
BRONCE	Kevin Saunders	USA	4326

En **Atlanta '96** só tivemos dous seleccionados:

Natación: **Pablo Saavedra** logrou a segunda medalla galega: a de bronce do equipo español de 4x100 libres S7-S10, con resultados discretos nas súas probas individuais.

Pablo Saavedra Reinaldo	Club Natación Budo (Pontevedra)			
<i>Proba</i>	<i>Rolda</i>	<i>Clase</i>	<i>Posto</i>	<i>Marca</i>
100 bolboreta	1º rolda	S10	12	1:12.94
50 libres	1º rolda	S10	11	28.69
100 libres	1º rolda	S10	15	1:01.81
400 libres	1º rolda	S10	13	4:55.63
4x100 libres	FINAL	S7-S10	BRONCE	4:14.36

Atletismo: **José Abal**, esta vez en Minusatle de Ferrol, volveuno a intentar en Pentatlón, pero esta vez quedou 9º na clasificación final da proba.

Sydney 2000

Estiveron 5 deportistas en 3 disciplinas:

Tenis: **Alvaro Illobre** (Tenfis) quedou eliminado na primeira rolda eliminatoria ante un xogador neozelandés por 7-5 e 7-5. Disputou o dobres xunto a Juan Ramos e resultaron eliminados en oitavos ante unha parella xaponesa por 6-1 e 6-0.

Tiro Olímpico: O pontevedrés **Juan Saavedra** (irmán do tamén paralímpico Pablo Saavedra), do club Lucero, representounos, alcanzando a fase final en carabina pé SH2 (amputados, con trípode).



Juan Saavedra Reinaldo	Club Tiro Lucero (Pontevedra)			
<i>Proba</i>	<i>Rolda</i>	<i>Clase</i>	<i>Posto</i>	<i>Marca</i>
Carabina Aire Tendido	FINAL	SH2	8	694.9
Carabina Aire Pé	1ª ronda	SH2	13	582

Natación: Nesta disciplina tivemos unha explosión de medallas. En Sydney destacou como revelación non só entre os galegos, senón entre toda a selección de España, o nadador do Amfiv de Vigo, Sebastián Rodríguez “Chano”, que se trouxo ¡5! medallas de ouro.



Sebastián Rodríguez Veloso		Amfiv Vigo		
<i>Prueba</i>	<i>Ronda</i>	<i>Clase</i>	<i>Puesto</i>	<i>Marca</i>
50 libres	FINAL	S5	ORO	34.47 *
100 Libres	FINAL	S5	ORO	1:17.94 *
200 Libres	FINAL	S5	ORO	2:49.91 *
4x50 Libres	FINAL	20 pts	ORO	2:24.42 *
4X50 Estilos	FINAL	20pts	ORO	2:39.94 *
* = Récord del Mundo				

O noso outro nadador, **Pablo Cimadevila** do Club Natación Galaico, conseguiu tamén moi boas marcas e máis medallas:



Pablo Cimadevila Alvarez		Club Natación Galaico (Pontevedra)		
<i>Proba</i>	<i>Rolda</i>	<i>Clase</i>	<i>Posto</i>	<i>Marca</i>
50 bolboreta	1ª ronda	S6	5	39.98
100 braza	FINAL	SB4	6	1:48.78
200 estilos	FINAL	SM5	OURO	3:08.39 *
400 libres	FINAL	S6	7	5:43.24
4X50 estilos	FINAL	20pts	OURO	2:39.94 *
* = Récord do Mundo				

Pablo Saavedra participou nesta que sería a súa última paralimpiada conseguindo os seguintes resultados:

Pablo Saavedra Reinaldo		Club Natación Galaico (Pontevedra)		
<i>Proba</i>	<i>Rolda</i>	<i>Clase</i>	<i>Posto</i>	<i>Marca</i>
100 bolboreta	1ª ronda	S9	6	1:11.99

Atenas 2004

Estaban seleccionados 4 deportistas galegos, con moitas posibilidades de éxito:

Natación: **Chano** convalidó o seu poderío e repetiu éxitos, con outras 4 medallas.



Sebastián Rodríguez Veloso		Amfiv Vigo		
<i>Proba</i>	<i>Rolda</i>	<i>Clase</i>	<i>Posto</i>	<i>Marca</i>
50 libres	FINAL	S5	ORO	32.62 *
100 libres	FINAL	S5	ORO	1:13.39 *
200 libres	FINAL	S5	ORO	2:41.87 *
4x50 libres	FINAL	20 pts	BRONCE	2:44.65
* = Récord do Mundo				

Cimadevila non conseguiu tan bos resultados como en Sydney:



Pablo Cimadevila Alvarez		Natación Galaico (Ponteved.)		
<i>Proba</i>	<i>Rolda</i>	<i>Clase</i>	<i>Posto</i>	<i>Marca</i>
100 braza	FINAL	SB4	4	1:51.20
200 estilos	FINAL	SM5	4	3:18.10
50 bolboreta	FINAL	S6	13	40.78
4x50 libres	FINAL	20 pts	BRONCE	2:44.65

Almudena de la Osa obtivo uns resultado discretos:



Almudena de la Osa				
<i>Proba</i>	<i>Rolda</i>	<i>Clase</i>	<i>Posto</i>	<i>Marca</i>
50 estilos	FINAL	S10	11	32.03
100 libres	FINAL	S10	12	1:11.75
4x100 libres	FINAL	34 pts	8	3:12.82

En Tiro Olímpico, **Juan Saavedra** estivo ás portas de medalla en Carabina Aire Tendido SH2, pero se tivo que conformar co cuarto posto na final.



Juan Saavedra Reinaldo	Club Tiro Lucero (Pontevedra)			
<i>Proba</i>	<i>Rolda</i>	<i>Clase</i>	<i>Posto</i>	<i>Marca</i>
Carabina Aire Tendido	FINAL	SH2	4	704.1
Carabina Aire Pé	1ª ronda	SH2	20	586